



## NOVO GOBERNO MUNICIPAL

Despois das pasadas eleccións de maio, no Concello de Moeche iniciouse unha nova Andaina da man dun novo Goberno que entende a xestión municipal baseada nos principios da participación e da transparencia, de aí a posta en marcha, como un dos primeiros pasos, deste boletín informativo, Andaina, que con carácter periódico ofrecerá información dos servizos, actividades, axudas e da acción institucional de carácter xeral.

### Goberno municipal



Mª BEATRIZ  
BASCOY MACEIRAS  
Alcaldesa

Participación veciñal,  
desenvolvemento  
rural, benestar  
social e ensino



MAGÍN  
FERNANDO  
LAGO TUIMIL  
1º tenente de  
alcaldesa

Obras e servizos



IRIA  
COUCE REGO  
2º tenente de  
alcaldesa

Cultura, deporte,  
mocidade e  
normalización  
lingüística.



JOSÉ MANUEL  
SOTO SÁNCHEZ  
Urbanismo e  
patrimonio





JUAN CARLOS  
RODRÍGUEZ LAGO  
3º tenente de  
alcaldesa

Medio ambiente  
e sanidade

### A Corporación municipal

Dous grupos municipais

Grupo Municipal do BNG-Asembleas Abertas	Grupo Municipal do PP
	
Beatriz Bascoy Maceiras	Xulio Cribeiro García
Magin Lago Tuimil	Jorge González Aneiros
Iria Couce Rego	Aquilino Sueiras Dopico
Jose Manuel Soto Sánchez	Rocío Luaces Antón
Juan Carlos Rodríguez Lago	

## Organización municipal

### PLENOS

Nesta nova lexislatura as sesións do Pleno serán ás **20.00 horas**, excepto situacións urxentes e excepcionais que requiran outro horario, co fin de facilitar a asistencia e participación da veciñanza.

Os plenos ordinarios terán lugar o terceiro xoves de cada mes par (**febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro**).

---

# Medio Ambiente e Sanidade

## Recollida de voluminosos

No mes de agosto o Concello puxo en marcha o servizo de recollida de voluminosos, de carácter gratuito, que se pode levar a cabo grazas ao convenio asinado o pasado 24 de xullo entre a alcaldesa do Concello de Moeche e o alcalde do Concello de San Sadurniño.

Para que os veciños poidan dispoñer do servizo só teñen que chamar previamente ao 981 404 006 en horario de 08.00 a 15.00 horas.

A recollida faise todos **os últimos xoves de cada mes** nos domicilios que o soliciten previamente, e para que os veciños e veciñas solicitantes non se esquezan recibirán unha chamada o día anterior para lles lembrar que saquen o lixo para fóra.

## Recollida de plásticos agrícolas

Iniciouse un servizo de recollida de plásticos agrícolas de carácter periódico o pasado mes de setembro para todas as granxas e explotacións, de calquera tamaño, que o soliciten. Realizarase o **primeiro xoves dos meses de xaneiro, maio e setembro**.

Quen desexe dispoñer deste servizo só ten que chamar ao 981 404 006 en horario de 08.00 a 15.00 horas, indicar os seus datos e o número de CEA. As explotacións que necesiten un certificado de retirada destes plásticos poden solicitalo posteriormente no Concello. Se alguén non desexa agardar á recollida periódica, pode depositalo no novo punto de acopio. Para máis información, chamar ao 981 404 006

## Convenio para residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE)

Moeche aprobou no Pleno extraordinario do 1 de outubro a adhesión ao Convenio coa CMATI e entidades xestoras de residuos polo que o Concello recollerá e almacenará os residuos de aparellos electricos e electronicos e entregarállos ás entidades xestoras autorizadas.

## Que son os RAEE?

Son residuos dos aparellos eléctricos e electrónicos: televisores, frigoríficos, microondas, ordenadores, impresoras, hidrolavadoras, taladradoras, serras eléctricas, cociñas, ordenadores, teclados e ratos, ferramentas de soldar, equipos de son, lavadoras, vídeo, videocámaras, amplificadores, máquinas de coser, lámpadas fluorescentes, copiadoras, calculadoras, aspiradoras, torradoras, secadores de pelo, etc.

Sumarse a este convenio permitirá reducir a posibilidade de aparición de vertedoiros incontrolados e, por outro lado, conseguir uns ingresos para o Concello que permitan reducir o custo da recollida de voluminosos que iniciamos no mes de agosto.

Os veciños que desexen desfacerse deste tipo de aparellos só teñen que chamar ao Concello e recolleranse no servizo de voluminosos, **o último xoves de cada mes**.



# Praga da Avespa asiática

## (Vespa Velutina Nigrotorax)

Ao longo deste verán foron numerosos os niños de avespa asiática -vespa velutina- que apareceron no noso concello, como acontece nos concellos veciños.

### Como identificalas?

Estas avespas son de gran tamaño, entre 2 e 3 centímetros, de cor negra cunha franxa amarela-laranxa no final do abdome, as patas son metade negras e metade amarelas. Adoitan ter un aguillón duns seis milímetros e non debemos achegarnos a elas nin moito menos encirralas. Os niños primarios acostuman aparecer en aleiros, galpóns, invernadoiros, etc., lugares de acceso doado; logo desta fase inicial, xa son de gran tamaño e aparecen en sitios máis inaccesibles.

Os niños destas avespas deben ser retirados por persoal experto que se protexe co material axeitado e fano habitualmente pola noite, de xeito que non haxa risco de deixar ningunha avespa fóra. Isto é importante xa que as que queden axiña criarán novos grupos.

### Que facer se atopamos un niño de avespa velutina?

De atoparmos un niño de velutina, tras estar certos de que se trata de avespas asiáticas, debemos **CHAMAR AO 112**, que é o teléfono habilitado pola Xunta de Galicia para dar aviso. Desde este número vannos derivar ao servizo que xestiona estes asuntos.

Eliminar os niños da forma correcta é a única garantía para diminuír o avance dunha praga cada vez maior.



## Ensino

### Convocatoria de axudas ao estudo e ao transporte

Aprobáronse as bases e a convocatoria das axudas en materia de educación do Concello de Moeche para o curso 2015-16. Establécense dúas liñas de axuda, unha para formación académica e outra para transporte, esta última só para alumnado de ensino non obrigatorio (bacharelato, formación profesional, estudos universitarios, ensinanzas superiores de música e artes escénicas e artes plásticas e deseño). Destínanse 12.000 euros para estas axudas e as cantidades concedidas variarán segundo a renda da unidade familiar.

### Destinatarios:

- Alumnado de educación infantil e educación primaria que curse os estudos no colexio público do Concello de Moeche.
- Alumnado de ESO, bacharelato, formación profesional, estudos universitarios, ensinanzas superiores de música e artes escénicas e artes plásticas e deseño de calquera centro público. Poderá solicitar a axuda para asistencia a un centro de educación especial, aínda que non estea localizado no Concello.

**Prazo de presentación do 8 ao 31 de outubro.**

Máis información: Concello de Moeche, 981 404 006

[www.concellodemoeche.com](http://www.concellodemoeche.com)



# Desenvolvemento Rural e Participación Veciñal

## PARTICIPACIÓN VECIÑAL NAS SESIÓNS DO PLENO

Co obxectivo de potenciar a participación veciñal na vida municipal, no primeiro Pleno ordinario desta lexislatura informouse aos asistentes da posibilidade de interviren ao remate do Pleno así como do dereito de exposición das asociacións ou entidades municipais, estas últimas con temas relacionados con algún punto da orde do día e sempre que intervise a entidade como interesada.

*Por primeira vez, a veciñanza e as entidades e asociacións do Concello terán voz con carácter regular en todas as sesións ordinarias do Pleno, como xa acontecía noutros concellos.*

## Asembleas veciñais, espazo de participación.

O Goberno municipal entende que o Concello é asunto de todos e todas e, polo tanto, débense abrir espazos de participación en que os veciños e as veciñas poidamos achegar propostas e demandas que, desde uns criterios obxectivos, solidarios e uns límites legais, se poidan incorporar aos orzamentos municipais. Iniciamos así o proceso participación con xuntanzas en todas as parroquias abertas aos veciños e veciñas para propoñer e analizar nelas as liñas de acción municipal para o 2016.



**Quen pode participar nas asembleas?** Todos os veciños e veciñas do Concello, residentes e empadroados.

**E se non podo ir á asemblea da miña parroquia e quero presentar unha proposta?** En caso de non poder acudir á asemblea veciñal, pódese entregar no Rexistro Municipal, ou no enderezo electrónico [correo@moeche.es](mailto:correo@moeche.es), utilizando un modelo de ficha que se pode recoller na Casa do Concello ou baixar da web [www.concellodemoeche.es](http://www.concellodemoeche.es)

## Para isto convocamos as **primeiras ASEMBLEAS VECIÑAIS**:

**Parroquia de San Xoán**, xoves 22 de outubro, Casa do Concello.

**Parroquia de Labacengos**, venres 23 de outubro, Local do Ventoeiro.

**Parroquia de Abade**, martes 27 de outubro, Local social de Abade.

**Parroquia de Santa Cruz**, martes 3 de novembro, Local electoral.

**Parroquia de San Xurxo**, mércores 4 de novembro, Local social do Pereiro.

Todas as asembleas darán comezo ás 19.30 horas.

As propostas deben cumprir uns requisitos mínimos:

- sempre serán asuntos de competencia municipal.
- estar localizada no termo municipal.
- ter un custo que poida inserirse no orzamento municipal.

Recollidas as propostas, os responsables municipais, técnicos e políticos, analizaranas, ordenaranse por prioridades conforme cos criterios expostos nas asembleas e faranse públicos. Este proceso irase perfeccionando coa aprobación no ano 2016 dun Regulamento de participación cidadá.

Algúns dos criterios para unha maior valoración das propostas serán:

- que beneficien a maior porcentaxe da poboación.
- que satisfagan necesidades básicas da poboación.
- que sexa ou poida referirse a máis dunha parroquia.
- que conleve a participación dos veciños na súa execución.
- que facilite un aforro económico ou enerxético.
- que favoreza a colectivos máis desfavorecidos.

***Participa  
no teu Concello!***

## Convocatoria de axudas a asociacións culturais, deportivas e veciñais sen fin de lucro.

En Xunta de Goberno do 14 de outubro aprobáronse as bases para a convocatoria de axudas a entidades sen fin de lucro co obxectivo de fomentar o asociacionismo e a participación veciñal así como fomentar a actividade cultural, educativa e deportiva.



O Concello de Moeche convoca esta liña de axudas para apoiar ao movemento asociativo no seu normal funcionamento e desenvolvemento de actividades que dinamicen a vida municipal.

Destínase unha partida dun importe máximo de 5000 euros e terán como obxectivo a realización de actividades no eido cultural, deportivo e educativo no ano 2015.

**Prazo de presentación:** un mes contado desde o día seguinte á súa publicación no BOP. Para máis información pódese chamar ao Concello, 981 4040 06, ou consultar as bases na nosa web [www.concellodemoeche.com](http://www.concellodemoeche.com).

# Cultura, Deportes, Mocidade e Lingua

Dende o Concello este ano procuramos levar o programa cultural a todas as parroquias. Se ben o dificulta o feito de que non todas as parroquias contan con local social, intentaremos achegar as actividades a todas elas.

## CULTURA NO OUTONO

Durante a estación do ano, en que abandonamos as festas e verbenas, e comeza a friaxe, dende o concello non queremos que perdades o ritmo e propoñémosvos algunhas actividades para saír da casa e compartir o tempo. Este ano por medio da Rede Cultural da man da Deputación da Coruña e o Concello de Moeche, temos as seguintes actividades:

### NOITES DE CINE NO CASTELO

Volve o programa de cine da Deputación da Coruña aos concellos, pero dado que se me-  
teu no outono, nesta ocasión non será ao aire libre, senón a cuberto, no Castelo de Moeche. Iníciase con estas proxeccións de cine a recuperación do Castelo como espazo cultural aberto a todos os veciños.

**Cine infantil**, 1 de novembro ás 17.30 horas.

Película: *Gru2, mi villano favorito*.

A película foi seleccionada por votación polo alumnado do CEIP San Ramón.

**Cine para adultos**, 22 de novembro, ás 19.00 horas.

Película: *El mayordomo*.

Patrocina: Deputación de Coruña



Deputación  
DA CORUÑA

### MAXIA

Co Mago Rafa e a súa actuación *"Historias dun ilusionista"*

Lugar: local social do Pereiro, San Xurxo

Data: 31 de outubro – Hora: 18.00 horas.

Colabora: Asociación de Veciños Val de Moeche



### TEATRO

Da man do Grupo de teatro A Pombiña, de Pedroso, poderemos gozar da representación *"A pastilla milagrosa"*.

Lugar: local do Ventoeiro, Labacengos

Data: 8 de novembro – Hora: 17.45 horas.

Colabora: Asociación de Veciños de Labacengos,

### CANTO

A Coral Polifónica Eixil ofrecerá un concerto musical na parroquia de Santa Cruz

Lugar: igrexa de Santa Cruz

Data: 15 de novembro – Hora: 16.00 horas.

### MÚSICA DE ROLDA

Para rematar o curso de cociña, **Sonidos del Alba** actuará co seu repertorio *"Cancións de hoxe e de sempre"*.

Lugar local social de Abade

Data: 18 de decembro – Hora: 19.00 horas

### MÚSICA PARA OS MÁIS PEQUENOS

O grupo de rock **Carta de Axuste** fará cantar e bailar a nenos e pais con *"Versións & Risas"*.

Lugar: CEIP San Ramón (San Xoán)

Data (por determinar pola escola



# OBRADOIROS DE ECOLOXÍA

## Obradoiro de conservas ecolóxicas

Lugar: Nave do Ventoeiro, Labacengos.  
Data: 07/11/2015 Horario: 16.00 a 19.00 h.

## Obradoiro de produtos de limpeza ecolóxicos

Lugar: Local social Balocos, San Xoán.  
Data: 14/11/2015 Horario: 16.00 a 19.00 h.

## Obradoiro de fitosanitarios ecolóxicos caseiros

Lugar: Local Social O Pereiro, San Xurxo.  
Data: 21/11/2015 Horario: 16.00 a 19.00 h.

## Obradoiro de compostaxe doméstica

Lugar: Local Social de Abade.  
Data: 28/11/2015 Horario: 16.00 a 19.00 h.

**INSCRICIÓN:** todas as persoas que queiran participar nalgún dos obradoiros anteriores poderán apuntarse na casa do Concello ou no teléfono do Concello 981 404 006 **a partir do 20 de outubro.**



## OBRADOIRO DE COCIÑA

Para rematarmos o outono, durante o inicio do mes de decembro terá lugar, para @s máis larpeir@s, o xa tradicional curso de cociña que será impartido por Nuria, do restaurante "O Castro", de Pantín.

Lugar: Local social de Abade, Abade.  
Data: 4, 11 e 18 de decembro. Horario: de 17.30 a 20.00 horas.

**INSCRICIÓN:** todas as persoas que queiran participar neste obradoiro poderán apuntarse na casa do Concello ou no teléfono 981 404 006 **a partir do 9 de novembro.**

# Escolas Deportivas Municipais

## CURSO 2015/2016

O **martes 29 de setembro** abriuse o prazo de matrícula das Escolas Deportivas Municipais infantís e de adult@s. Os impresos pódense recoller no Departamento de Deportes situado no 2º andar da Casa do Concello ou tramitalos por correo electrónico no enderezo [deportes@moeche.es](mailto:deportes@moeche.es) (a matrícula permanece aberta durante todo o curso).

O horario de atención ao público será de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas e a partir do 13 do outubro atenderase os mércores e venres de 11.00 a 14.00 horas.

As clases comezan o **MARTES 13 DE OUTUBRO** e as escolas que se ofertan son as seguintes:

## ESCOLAS INFANTÍS

**BAILE MODERNO:** para nenos/as de 3 a 12 anos.


**PREDEPORTE:** para nenas/os de Educación Infantil de 3 a 5 anos.

**KÁRATE:** para nenas/os a partir de 5 anos.

## ESCOLAS DE ADULT@S

**MAIORES + (actividade física e saúde):** Actividade dirixida a maiores de 50-60 anos. As clases impartiranse no local social de Abade e no Pavillón Municipal de Deportes.

**MOVÉMONOS:** actividade destinada a maiores de 16 anos. Impártense clases de aeróbic, step, aerozumba, tonificación muscular, circuit-training, entre outras.



**SAFD:** Servizo de Asesoramento Físico Deportivo (Programa de atención personalizada dirixida a maiores de 16 anos).

**PILATES:** dirixido a maiores de 18 anos.

**SPINNING:** dirixido a maiores de 16 anos

Máis información: 981 404 006 / 639 417 975

[deportes@moeche.es](mailto:deportes@moeche.es)

[silvia.lamas@moeche.es](mailto:silvia.lamas@moeche.es)



# Benestar Social **SERVIZO DE AXUDA AO FOGAR (SAF)**

Desde o Concello estamos reorganizando o Servizo de Axuda no Fogar para poder ofrecerllo ao maior número de persoas posibles que o necesiten xa que ata agora só 15 persoas estaban dispoñendo del. Nestes tres últimos meses, desde xullo a setembro, cunha nova organización dos horarios do persoal contratado, o servizo xa se lle presta a un 25% máis de usuarios. O obxectivo é ir creando unha relación de persoas que demanden o servizo polas súas condicións persoais, que terá unha orde en función dos criterios técnicos e das condicións e necesidades de cada caso, para progresivamente ir prestando a axuda a quen teña dereito a ela así como en curto prazo ampliar o servizo a sábados e domingos nos casos de máxima dependencia.

Para conseguirmos este obxectivo, o Concello de Moeche iniciou xa nestes primeiros meses o proceso de contratación do servizo de limpeza de edificios municipais (casa do Concello, polideportivo, biblioteca, etc) que ata agora estaban realizando as empregadas de axuda ao fogar, de forma que o 100% das súas horas se destinen aos veciños e veciñas que necesiten o servizo.

Todas as persoas que, polas súas condicións persoais, necesiten deste servizo e cumpran os requisitos establecidos pola lexislación deben acudir ao Concello para que lles dean información personalizada.



## **PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO:**

### **Obradoiro de memoria.**

Dirixido a persoas maiores, comprende exercicios específicos para a estimulación das capacidades cognitivas, animación á lectura, mellora da expresión escrita e a ortografía, algo de información da actualidade, cultura xeral, traballo con números e pasatempos de carácter intelectual.

E, ao rematar, café con pastas e conversa!!!

Datas: todos os venres. Lugar: Biblioteca municipal. Hora: de 16.00 a 18.00 horas

# Medio Ambiente

## **Río Grande**

O pasado mes de setembro o Concello de Moeche solicitoulle a Augas de Galicia que incluíse nos traballos de mantemento do dominio público hidráulico no río Xubia, a limpeza do tramo de río na área recreativa de Souto Grande, que quedaba fóra do proxecto inicial. O proxecto partía desde a zona da Ponte en San Xurxo - deixando fóra o tramo en dirección ás Somozas- ata San Sadurniño, nun tramo de 3050 metros. Como resultado da solicitude a empresa está procedendo a limpar de maleza as marxes do río, retirar árbores caídas, polas, arrastres de crecidas e resto de madeira morta que limita a capacidade da canle. Retíranse tamén os fragmentos derruídos da ponte de Pialongo.



## **HORARIO DAS OFICINAS MUNICIPAIS**

### **Inverno Do 1 de outubro ao 1 de xuño**

Luns a venres : de 08.00 a 15.00 h  
Sábado: de 08.00 a 14.00 h



### **Atención ao público**

Luns a sábado de 09.00 a 14.00 h (Sábado só Rexistro Xeral)

### **Servizo de Urbanismo** (aparelladora)

Martes e xoves: 09.00 a 14.00 horas

### **Biblioteca municipal**

Venres de 16.00 a 20.00 horas  
Sábado de 10.00 a 14.00 horas

### **Goberno municipal**

Para contactar cos membros do equipo do Goberno municipal ademais de velos por Moeche, pódese chamar ao Concello 981 404006 ; se nese momento non están ou non poden atendelo, abonda con deixar un contacto e chamarémolos.

# Información de Asociacións Municipais



## A.VV. Val de Moeche

**10/outubro/2015** Camiñada de dificultade media e cunha distancia de 7 km. Partida e chegada: Castelo de Moeche.

### *Camiñada Veciñal*



## A.C. Irmandiños de Moeche

**31/outubro/2015** A entidade organizadora do Festival Irmandiño celebra unha churrascada de colaboración co Festival con actuación musical.

### *Churrascada Irmandiña*



## A.VV. Labacengos

**24/outubro/2015** Para conmemorar o seu XI aniversario, a A.VV. de Labacengos organiza unha tarde de maxia co Mago Benxamín, co espectáculo Animagic, no Ventoeiro, Labacengos. Actuación ao abeiro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

### *XI Aniversario*

Con **data por confirmar**, xa que a marca o maízo, no mes de novembro celebraran a X Festa da Esfolla. Un ano máis esta asociación recrea un labor agrícola xa pouco habitual mais que se convertía nun espazo de encontro veciñal. A xornada comeza cun xantar, a seguir a esfolla do maízo acompañada dunha actuación musical.

### *X Festa de Esfolla*



## Escudería Moeche

**21/novembro/2015** II Ruta turística. Unha ruta de regularidade que transcorrerá por estradas abertas ao tráfico, onde todos os participantes teñen que respectar as normas de circulación. Dará comezo ás 16.30 h. diante do centro de saúde de Moeche. Máis información en [www.escuderiamoeche.com](http://www.escuderiamoeche.com)

### *II Ruta Turística*

## Outras informacións de interese

### AXUDAS E SUBVENCIÓNS

#### Convocatoria de axudas para iniciar estudos universitarios

Orde do 16 de setembro de 2015 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas para o inicio de estudos universitarios no curso 2015/16 nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

**Convoca:** Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia

**Prazo de presentación:** ata o 29 de outubro. Máis información no DOG núm. 185, de 28/09/2015 [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150928/AnuncioG0164-180915-0002\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150928/AnuncioG0164-180915-0002_gl.html)

#### Programa Reforma 15

RESOLUCIÓN do 16 de setembro de 2015 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, a particulares para a adquisición de materiais e pezas de mobiliario de cociña e baño (Reforma15), así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria.

**Obxecto:** serán subvencionables as operacións de adquisición de materiais de rehabilitación e pezas de mobiliario para cociña e baño (excluídos electrodomésticos) realizadas nun establecemento de venda adherido.

**Convoca:** Instituto Galego de Promoción Económica.

Prazo de presentación: ata o 16 de novembro. Máis información no DOG núm. 183 de 24/09/2015 [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150924/Anuncio092-180915-0001\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150924/Anuncio092-180915-0001_gl.html)

*Se desexa ter máis información pode consultar nas ligazóns indicadas ou ben contactar co Concello de Moeche (981 404 006).*